

MATERIAIS PARA UNHA LINGUAXE XURÍDICO-ADMINISTRATIVA EN GALEGO, COMPENSIBLE E DE CALIDADE

Neste mes de xuño cúmprense 35 anos da promulgación da Lei de normalización lingüística, un fito clave na posibilidade de o galego poder incorporarse como lingua oficial do poder autonómico e das distintas administracións que actúan en Galicia, logo de ficar marxinada durante séculos a usos privados ou literarios.

Ao compás desa incorporación a usos formais —máis intensa nalgúns ámbitos da administración e moito menos noutros— foi xurdindo a necesidade de acomodar o código lingüístico a necesidades expresivas novas, en ámbitos, ademais, onde o rigor e a precisión deben primar sobre calquera outra pretensión.

Partindo desta realidade, nesta breve colaboración pretendo trazar algunhas das liñas do que sucedeu nestes anos e tamén dar unhas poucas pinceladas sobre a necesidade de dotarnos, no ámbito xurídico-administrativo, dunha linguaxe actualizada, modélica e de calidade, que se faga comprender por unha cidadanía que, en xeral, percibe que a ten que «padecer» como algo inevitable.

Nin que dicir ten que, alén de que moitas das recomendacións que aquí esbozaremos teñen plena aplicación á expresión en castelán ou en galego, nós apostamos firmemente por que sexa nesta última lingua na que se exprese, con cada vez máis normalidade, o conxunto das administracións con actuación en Galicia.

1. Antecedentes e fitos. A Lei de normalización lingüística, o DOG en galego e o Plan de normalización lingüística

Como apuntabamos, van aló 35 anos de promulgación dunha lei que trazou o camiño da oficialidade do galego e que, nos ámbitos propios do dereito e da aplicación da xustiza en xeral, veu determinar no seu título II:

- a) A oficialidade do galego, en canto que lingua propia, á par que o castelán, como «lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma».
- b) A publicidade en galego, tamén á par co castelán, no *Diario Oficial de Galicia*, das «leis de Galicia, os decretos lexislativos, as disposicións normativas e as resolucións oficiais da Administración pública galega».
- c) O dereito dos cidadáns a empregaren o galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións con todas as administracións actuantes en Galicia, incluída a Administración de Xustiza. En consecuencia, que os poderes públicos promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns e «a progresiva normalización do uso do galego na Administración de xustiza».

Amparados nestas directrices —non entramos agora a valorar o grao de penetración e implantación do galego no ámbito da

xustiza— xurdiu a necesidade de acomodar o corpus do galego ás novas necesidades expresivas. A tarefa resultaba, nos primeiros tempos, certamente difícil, ante a practicamente nula tradición na época contemporánea —non así, por certo, en amplos momentos da Idade Media, en que o galego tivo un cultivo vizoso no campo literario e tamén no xurídico-notarial—.

Facendo unha brevíssima historia, en decembro de 1978 vía a luz o número 0 do *Boletín Oficial da Xunta de Galicia*, precedente do que catro anos máis tarde, en 1982, se convertería no actual *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Estamos nos inicios da preautonomía e tamén nos inicios dunha publicación que nos anos seguintes, en canto que medio de difusión das normas emanadas do poder autonómico, se acabou transformando en importante reflexo do desenvolvemento na nosa lingua da variedade xurídico-administrativa. Nestes anos, son milleiros as páxinas redactadas en galego para expresar uns contidos xurídico-administrativos que tradicionalmente se asociaban entre nós exclusivamente ao castelán.

Certo é que a expresión en lingua galega das normas emanadas do novo poder autonómico non se pode cualificar de orixinal, por canto xurdiu dunha formulación que fixo da tradución o mecanismo obrigado, para o que se organizaron estruturas administrativas inicialmente chamadas, precisamente, servizos de tradución, nas principais institucións de autogoberno.

De feito, o boletín de que estamos a falar nace cunha expresión nas dúas linguas, co mecanismo da dobre columna, afortunadamente superado a partir do xullo de 1984, momento en que se edita en versións separadas. Deste xeito, e sendo ademais a versión galega a de maior tiraxe, deuse un paso moi importante, ao converter o galego na única lingua de redacción das normas para a gran maioría de subscritores e lectores do DOG, con todo o que iso significa no labor de implantación da variedade xurídico-administrativa e no prestixio para o galego. Hoxe o DOG édase só en versión dixital, pero seguro que os anos en que se editou e distribuíu en papel contribuíron a normalizar a lectura en galego de parte de centos de persoas pouco ou nada afeitas ata entón a leren en galego, e menos literatura normativa.

Un fito tamén importante, cando menos no plano da formulación de intencións, supono a aprobación unánime no ano 2004 do Plan xeral de normalización da lingua galega, que define como un dos seus obxectivos xerais o de «mellorar a calidade do idioma falado e escrito polos funcionarios».

2 O modelo de linguaxe xurídico-administrativa tradicional

A progresiva introdución do galego no ámbito xurídico-administrativo produciuse desde un inicial mimetismo do modelo propio do castelán para, de forma gradual aínda que non con todo o desenvolvemento necesario, ir apartándose deste e apostando por unha maior orixinalidade expresiva.

O aludido modelo do castelán non contaba —nin conta aínda— coa mellor consideración dos estudosos desta variedade lingüística. Nada mellor que recoller algunhas das expresións formuladas por manuais e autores nos últimos anos para convencernos da necesidade de superar un modelo pouco apropiado.

Velaquí unhas breves pinceladas que nos axudarán a situar o estado da cuestión:

Como fenómeno curioso cabe sinalar antes de nada que en el lenguaje administrativo, frente a los rasgos de estilo que vamos a indicar (solemnidad, corre



Los estudios constatan la existencia de un conjunto de prácticas asentadas que dificultan la comprensión, así como algunas reiteradas incorrecciones sintácticas y gramaticales en la expresión oral y escrita de los profesionales del derecho. Al tiempo, queda patente que este problema no se circunscribe únicamente a la Administración de Justicia sino que está presente en los propios textos legislativos que emplean estos profesionales para realizar su labor.

(Ministerio de Justicia, *Informe de la Comisión de modernización del lenguaje jurídico*, Madrid, 2013)

El lenguaje jurídico utiliza con frecuencia términos arcaicos, expresiones añejas y formulismos que no pertenecen al lenguaje común. Son sedimentos seculares que se han venido depositando en el uso y perpetuando en la redacción de los textos, y que ya no son comprendidos o resultan extraños al ciudadano medio. El problema no reside, en su mayoría, en los términos que definen conceptos, sino en la utilización de expresiones, giros, fórmulas, latinismos, arcaísmos... que confieren a los textos un vuelo estilístico muy alejado del uso llano. La concentración de arcaísmos, unida a la longitud excesiva de los párrafos entre puntos, hace que el lenguaje jurídico tienda a ser pesado, farragoso, oscuro e incluso críptico.

(RAE/CXPX, *Libro de estilo de la Justicia*, Madrid, 2017).

3. Liñas e apostas de modernización da linguaxe xurídico-administrativa

Con este diagnóstico á vista, era lóxico propoñer solucións para situar a expresión xurídica en lingua galega en sintonía coas recomendacións achegadas por distintas institucións e autores que propugnan unha lingua clara e de alta lexibilidade, entendendo este último concepto como a capacidade, para un destinatario medio, de comprender o contido dun texto a primeira vez que o le.

As propostas de mellora proveñen de distintos ámbitos institucionais e territoriais (UE, Administración do Estado, Galicia, outras comunidades autónomas...). Ademais, dada a multiplicidade de manifestacións textuais desta variedade lingüística (redacción de normas, linguaxe procesual, sentenzas e autos xudiciais, documentación administrativa propia do procedemento, etc.), hai unha serie de recomendacións que podemos considerar transversais (a boa gramática e a correcta ortografía ou a aposta por parágrafos e frases pouco extensos, por exemplo) e outras de aplicación específica a textos tamén de maior especificidade.

Dentro das varias manifestacións, a linguaxe das normas mereceu unha especial atención de parte das administracións que regulan intereses da cidadanía galega en distintos planos. Non hai que esquecer algo que xa no seu día adiantaba un xurista, Jesús Prieto de Pedro, que ten dedicado importantes reflexións a esta temática:

Se ha de cuidar especialmente la redacción de las leyes, puesto que, en virtud del principio de jerarquía normativa, éstas troquelan de forma importante el lenguaje de los reglamentos que las desarrollan. La redacción oscura o gramaticalmente incorrecta de la ley suele provocar un «efecto dominó» a través de toda la cadena normativa hasta alcanzar a las mismas resoluciones administrativas.

(Prieto de Pedro, «Reflexiones y propuestas para la modernización del lenguaje jurídico-administrativo castellano», *Revista de Lengua i Dret*, 10, decembro de 1987)

No ámbito europeo debemos referirnos ao *Libro de estilo interinstitucional*, que pode consultarse nas vinte e catro linguas

oficiais da Unión e que constitúe unha completísima guía de redacción dos actos ditados pola UE. E tamén, deseñado como un conxunto de directrices moi ben estruturadas, a *Guía práctica común do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión para a redacción de textos lexislativos da Unión Europea*.

En Galicia, desde o xa afastado *Manual de linguaxe administrativa* editado pola Escola Galega de Administración Pública en 1991, foron aparecendo un conxunto de materiais deseñados tanto para redacción de normas coma para o deseño e redacción de documentos de moi diversa índole nos ámbitos administrativo e xurídico. Ademais, a importante incidencia no ámbito da formación levou á edición de materiais didácticos que apostan por unha lingua ben elaborada e de calidade.

Así, no ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou as *Directrices de técnica normativa* (DOG do 14/11/2014), que recollen, ademais das regras técnicas para a elaboración de normas, recomendacións de corte máis estritamente lingüístico, como:

A redacción dos textos normativos debe ser:

- a) Clara, isto é, de fácil comprensión, desprovista de equívocos,*
 - b) Sinxela, é dicir, concisa, desprovista de elementos superfluos e*
 - c) Precisa, de modo que non deixe lugar a dúbidas no lector.*
- [...]

A redacción do texto normativo debe buscar a claridade expresiva por medio dunha estrutura gramatical correcta, sinxela e directa, próxima ao nivel común. [...] Os signos ortográficos constitúen elementos esenciais da redacción. Contribúen de maneira decisiva a dar ás frases o sentido que se pretende pois tanto a súa omisión como a súa colocación indebida ou equivocada o terxiversan a miúdo, polo que se debe gardar especial coidado no seu correcto uso. [...] Debe coírdarse a correcta concordancia en xénero (masculino ou feminino) e número (singular ou plural) entre o substantivo e o artigo e o adxectivo ou os adxectivos que acompañan o substantivo. Tamén deberán concordar o suxeito e o verbo. [...] Non é aconsellable o uso de abreviaturas nos textos normativos porque a economía de tempo e espazo que supoñen non compensa a posible perda de transparencia, sobre todo se se trata de abreviaturas non bastante coñecidas ou que susciten dúbidas. [...] O uso das siglas pode xustificarse dentro dunha disposición para evitar formulacións longas e repeticións. Só se deben empregar aquelas siglas que son, por arraigadas, moi coñecidas, as que corresponden a institucións e organismos moi estables (e non as de simples órganos administrativos que poden ser obxecto de reformas e modificacións) e, nas normas dirixidas a destinatarios sectoriais moi específicos, as usuais no sector.

As directrices remiten, para maior detalle, ao *Manual de estilo do DOG* e outras publicacións institucionais, publicación en liña existente desde o ano 2011. Este manual recolle con moito detalle as pautas de aplicación aos textos administrativos e a outros de carácter oficial, desde os criterios que se deben ter en conta en función da lingua que empreguemos (que conceptos se deben traducir e cales se poden manter na outra lingua), pasando por normas de estilo, boa gramática, correcta puntuación dos textos, abreviacións, etc.

No campo da formación cómpre remitirse aos distintos manuais de linguaxe administrativa e xurídica publicados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, entre eles o *Manual básico de documentación administrativa e xurídica*, que achega pautas e modelos para



a correcta redacción dos documentos tipo do procedemento (acordos, resolucións, actas, certificados...), coa incorporación de criterios de máxima simplificación e claridade.

No campo do léxico, é de referencia do *Diccionario xurídico galego*, obra colectiva (máis de 120 colaboradores) editada en 2011, con máis de 2.000 voces das distintas ramas do dereito, explicadas de forma sucinta e con equivalencias en castelán. Tamén no ámbito terminolóxico destacan os glosarios editados pola Universidade de Santiago de Compostela, entre os que merecen salientarse os elaborados para distintas ramas do dereito. Tanto nun caso coma no outro, o feito de estaren elaborados polos propios profesionais do dereito, coa colaboración de filólogos, concédelles a estes materiais un altísimo grao de fiabilidade e de autoridade.

Na Administración do Estado hai que referirse, sobre todo, ás *Directrices de técnica normativa*, aprobadas en 2005, e a dous completos traballos publicados recentemente, froito da colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Real Academia Española: o *Libro de estilo de la Justicia* e o *Diccionario del español jurídico*. Igual que sucede cos materiais lexicográficos citados para o galego, obras deste tipo, con participación dos profesionais do dereito e da Real Academia da lingua, ofrecen a quen as consulte o máximo nivel de fiabilidade.

Para quen teña interese en completar información sobre os materiais aquí apuntados remitimos ao apéndice deste breve artigo, onde damos referencias das obras mencionadas.

4. Que modelo de lingua

As propostas para mellorar a calidade da linguaxe xurídico-administrativa abranguen o conxunto de niveis que cómpre ter en conta á hora de redactar, desde o plano máis xeral, en que debemos considerar cada texto como un todo (desde unha soa palabra a centos de páxinas), pasando por unha adecuada subdivisión deste segundo a súa natureza (unha lei, unha sentenza xudicial, unha acta, etc.), a correcta división en parágrafos e frases ben construídas —apostando pola orde lóxica de suxeito-verbo-complementos— e ben puntuadas, ata a aplicación rigorosa das regras gramaticais e das convencións ortográficas da lingua en que redactamos (acentuación, emprego de maiúscula en inicial de palabra, abreviación de sintagmas e palabras, etc.).

Por expresalo dunha forma resumida, a esta modalidade lingüística encáixalle perfectamente a acuñación formulada por distintos autores e en diversos países de 'linguaxe clara' ou 'linguaxe chá'. Así, en palabras dun recoñecido especialista na materia, Daniel Cassany:

Un escrito llano y eficaz reúne las siguientes condiciones:

— *Usa un lenguaje (registro, vocabulario) apropiado al lector (necesidades, conocimientos) y al documento (tema, objetivo). Es decir, se adapta a cada situación [...]*

— *Tiene un diseño racional que permite encontrar la información importante en seguida. Los datos relevantes*

ocupan las posiciones importantes del escrito, que son las que el ojo ve primero. [...]

— *Se puede entender la primera vez que se lee. ¡No te fies de las relecturas! Cuando tienes que detenerte a menudo porque has perdido el hilo sintáctico de la prosa, cuando tienes que volver atrás para recogerlo de nuevo... ¡es señal de que la escritura no funciona! La prosa llana tiene que captarse a la primera.*

— *Cumple los requisitos legales necesarios.*

La investigación sobre las dificultades de comprensión demuestra que los dos escollos más importantes que debemos superar cuando leemos textos difíciles son la estructura sintáctica de la frase, a menudo excesivamente compleja, y la ausencia de un contexto compartido autor-lector. El abuso de la subordinación y del período largo añade mucha dificultad a la lectura [...]. También pueden crear dificultades la puntuación, la construcción del párrafo o la presentación general del texto. [...] En cambio, el léxico específico o desconocido no parece un problema insalvable. [...] En el caso de que queramos entender todos los detalles, tendremos que buscar en el diccionario las expresiones que no conozcamos, sin necesitar la ayuda de un especialista.

CASSANY, Daniel: *La cocina de la escritura*, Ed. Anagrama, Barcelona, 1993

Na expresión en lingua galega, nos máis de trinta e cinco anos de emprego no ámbito xurídico e administrativo, ademais do anterior, houbo que poñer o acento en construír unha variante orixinal, fuxindo de calcos do castelán e apostando por formas propias e autóctonas. Neste sentido, no plano morfosintáctico e estilístico, por exemplo, unha expresión correcta e rica debe levar a empregar o obxecto directo sen a preposición *a*, os tempos verbais na forma que demanda a boa gramática do galego, o futuro de subxuntivo, o infinitivo flexionado, a riquísima amplitude das perífrases verbais, etc.

No plano léxico e terminolóxico partimos de que o léxico xurídico, polo seu carácter culto, presenta unha alta coincidencia co resto de linguas románicas e, por tanto, co castelán, con diferenzas, de habelas, só de tipo morfolóxico (*amortización, apud acta, avocar, beneficiario, casación, caución, compulsión, decreto, derogar, despedimento, expropiar, irrogar, laudo, pro indiviso*, etc.).

Con todo, en abundantes casos foron necesarios anos para fixar e divulgar novos termos, para conceptos que inicialmente se expresaban baixo forma castelá ou deturpada. Así, a comparación dos textos recollidos nos primeiros boletíns oficiais permite constatar que, fronte aos calcos deses primeiros momentos, foron de a pouco xurdindo acuñacións terminolóxicas hoxe en plena circulación entre os redactores das normas, os especialistas e o usuario da lingua en xeral. Así, os *axuntamento, creto, danos e prexuízos, desahuciar, dieta, enaxenar, invertir, inversión, pliego de condicións, presuposto, regramento, subasta, turno, vacuna* e *vía de apremio* deron en concello, *crédito, danos e perdas, desafiuzamento, axuda de custo, allear, investir, investimento, prego de condicións, orzamento, regulamento, poxa, quenda, vacina* e *vía de constrinximento*, da man, non poucas veces, das propostas elaboradas nos servizos lingüísticos oficiais e hoxe recollidas no *Diccionario da RAG*.

En conclusión, a expresión en lingua galega do mundo xurídico-administrativo está hoxe nas condicións máis adecuadas para consolidarse sen absolutamente ningunha pexa, con formulacións na liña dos máis avanzados postulados de claridade e lexicibilidade. Só cómpre un importante compromiso da parte dos e das profesionais do dereito e da xustiza para estender o seu uso e levalo a ámbitos —como o do dereito privado— con pouca presenza.

APÉNDICE

Como complemento ás liñas trazadas nesta exposición, ofrecemos aquí algunhas referencias de materiais moi útiles para quen queira dotarse da maior información posible do que se leva avanzado en materia de simplificación e actualización da linguaxe xurídico-administrativa nos contextos europeo, galego e español.

A maioría dos materiais están formato electrónico e en rede. Caso de non ser así, diriximos a algunha recensión sobre a publicación.

Europa:

- *Libro de estilo interinstitucional*: <http://publications.europa.eu/code/es/es-000500.htm>
- *Guía práctica común del Parlamento Europeo, del Consejo y de la Comisión para la redacción de textos legislativos de la Unión Europea*: <https://eur-lex.europa.eu/content/techleg/ES-guia-para-la-redaccion-de-textos-legislativos.pdf>

Galicia:

- *Manual de estilo do DOG*: <https://wikidog.xunta.gal/index.php/Portada>
- Materiais formativos da SXPL: http://www.lingua.gal/recursos/para-traballar-en-galego/_aprendelo/contido_0119/novos-manuais-linguaxe-xuridica-administrativa
- Lex.gal (base de datos de lexislación galega): <http://www.lex.gal/portada>
- Manual básico de documentación administrativa e xurídica: http://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-lingua/curso/medio-administrativo/manualxuridico2010.pdf
- Directrices de técnica normativa: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141114/AnuncioG0244-061114-0010_gl.pdf

- *Diccionario xurídico galego* (só accesible na intranet da Xunta). Pode verse unha recensión aquí: <https://libraria.xunta.gal/gl/diccionario-xuridico-galego>
- Universidade de Santiago de Compostela: <http://www.usc.es/gl/servizos/snl/>
- Universidade de Vigo: http://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-11740.pdf
- Universidade da Coruña: https://www.udc.es/gl/snl/publicacions/criterios_linguisticos/
- Vocabularios específicos (relacionados co mundo do dereito): http://www.lingua.gal/recursos/para-traballar-en-galego/_aprendelo/contido_0020/lexico-especifico
- Buscatermos: <https://aplicacions.usc.es/buscatermos/publica/index.htm>

Administración do Estado

- Directrices de técnica normativa: <http://boe.es/boe/dias/2005/07/29/pdfs/A26878-26890.pdf>
- *Informe de la Comisión de modernización del lenguaje jurídico* (Ministerio de Xustiza, 2013): <http://lenguajeadministrativo.com/wp-content/uploads/2013/05/cmli-recomendaciones.pdf>
- Non dispoñible en formato electrónico:
 - Libro de estilo de la Justicia* (recensión en: <http://www.rae.es/obras-academicas/obras-linguisticas/libro-de-estilo-de-la-justicia>)
 - Diccionario del español jurídico* (recensión en: <http://www.rae.es/obras-academicas/diccionarios/diccionario-del-espanol-juridico>)

Xermán García Cancela

Xefe do Servizo de Publicacións
do Parlamento de Galicia

Os lindeiros dos predios...

Toma nota!

En galego a forma adxectiva *lindeiro-a* acolle o significado de '[propiedade] que linda con outra'.

«O propietario do predio servente poderá solicitar a extinción da servidume forzosa se o paso deixa de ser necesario para o predio dominante por reunilo o seu dono a outro que estea lindeiro a camiño público, coa devolución do que tivese recibido por indemnización.»

(Artigo 92.1 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia)

Tamén se usa a mesma forma como substantivo, co significado de 'persoa propietaria dun predio lindeiro'.

«Os dereitos de tento e retracto do arrendatario serán preferentes a calquera outro de adquisición, agás o retracto de **lindeiros** e o de coherdeiros e comuneiros.»

(Artigo 116 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia)